

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

Orde do 26 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.

As transformacións que se veñen experimentando nos últimos anos no contorno social, económico, organizativo e tecnolóxico configuran algunhas das múltiples causas de exclusión social, definida esta como a imposibilidade de exercer os dereitos sociais, fundamentalmente o dereito ao traballo, o que provoca numerosos efectos colaterais, tales como desmotivación persoal e o abandono de hábitos sociais e laborais.

Para paliar estas situacións establécense os procesos de integración social que teñen unha innegable relación co ámbito do emprego. Deste xeito, aquelas actuacións que amplíen as posibilidades de inserción no mercado laboral supoñen para estas persoas unha forma eficaz para seren parte activa da sociedade a que pertencen.

As políticas de inserción laboral consolidan o crecemento e o emprego e son un elemento esencial para combater a pobreza e atender as persoas máis necesitadas da sociedade. O feito de proporcionar formación e emprego ás persoas desfavorecidas, e socialmente máis vulnerables, é unha forma de loitar contra a discriminación e conseguir que estas persoas adquiren confianza nas súas propias capacidades e habilidades.

De acordo co disposto no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta o exercicio das competencias, entre outras materias, relativas ao deseño e xestión das políticas activas de emprego.

No capítulo V do Decreto 156/2007, do 19 de xullo, polo que se regula o procedemento para a cualificación das empresas de inserción laboral, se crea o seu rexistro administrativo e se establecen as medidas para o fomento da inserción sociolaboral, enúncianse as medidas de fomento que a Administración poderá destinar ás empresas de inserción laboral. Esta orde desenvolve, polo que respecta á Consellería de Traballo e Benestar, o dito capítulo.

As bases reguladoras do programa regulado nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que de acordo coa finalidade e obxecto do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun

único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Este programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo nunha porcentaxe do 80% a través do Programa operativo do Fondo Social Europeo de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004 aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento farase constar nas respectivas resolucións de concesión.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro (DOG nº 23, do 21 de marzo), modificada pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, reguladora da Xunta e da súa presidencia (DOG nº 72, do 13 de abril),

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

FINALIDADE, PRINCIPIOS DE XESTIÓN E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1º.-*Finalidade e principios de xestión.*

1. O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral e proceder á súa convocatoria para o ano 2010, coa finalidade de promover a inserción sociolaboral das persoas en situación ou en risco de exclusión social mediante o establecemento de medidas de fomento das empresas de inserción laboral que teñan centros de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de que poidan cumprir a súa función social.

2. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo e Benestar.
- c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2º.-*Normativa aplicable.*

As solicitudes, tramitación e concesión destas subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 121, do 25 de xuño); no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; ao texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto

lexislativo 1/1999, do 7 de outubro (DOG nº 214, do 5 de novembro); na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 e, no que resulte de aplicación, á Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións (BOE nº 276, do 18 de novembro), e ao seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE nº 176, do 25 de xullo); e nesta orde.

Artigo 3º.-Entidades beneficiarias.

1. Poderán ser beneficiarias das axudas previstas nesta orde as empresas de inserción laboral, unha vez cualificadas e rexistradas como tales no rexistro habilitado para tal efecto na Dirección Xeral de Promoción do Emprego, sempre que cumpran as condicións e os requisitos establecidos nesta orde para os distintos tipos de axudas.

2. Poderán solicitar e ser beneficiarias das axudas aquelas empresas que solicitasen, conforme o procedemento establecido para o efecto, a súa cualificación como empresa de inserción laboral. Non obstante, non poderá procederse ao pagamento da axuda en canto non obtivese esa cualificación.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarias das subvencións establecidas nesta orde as entidades en que concorran as circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da cal fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que establece a normativa vixente.

e) Non acharse ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.

g) Non acharse ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das cales se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4º da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2º do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores realizárase mediante declaración responsable.

Artigo 4º.-Suxeitos e beneficiarios da inserción sociolaboral por medio de empresas de inserción laboral.

1. A inserción sociolaboral por medio de empresas de inserción laboral vai dirixida a persoas desempregadas en situación ou risco de exclusión social, nas cales concorran un ou varios factores de exclusión relacionados neste artigo.

2. Para os efectos desta orde son factores de exclusión sociolaboral os seguintes:

a) A discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou a enfermidade mental, en graos que dificulten pero non imposibiliten a súa inserción laboral común.

b) A condición de persoa en proceso de rehabilitación e socialización normalizada, por proceder dunha situación de desestruturación persoal e familiar, de conflito co contorno ou de rexeitamento social, tales como adicións ás drogas ou ao alcol, o exercicio da prostitución, o cumprimento de penas privativas de liberdade, etc.

c) A situación de cargas familiares non compartidas agravadas por outros factores ou carencias persoais ou familiares.

d) A condición de inmigrante ou emigrante retornado cando, polas súas características ou circunstancias persoais, presenten especiais dificultades de integración no mercado laboral.

e) A condición de persoa sen fogar.

f) A procedencia de institucións de protección ou reeducación de menores.

g) A condición de muller vítima de violencia de xénero que, por proceder de recursos específicos de acollida ou por calquera outra circunstancia, implique especiais dificultades de integración laboral.

h) A pertenza a determinadas minorías étnicas cando tal condición implique especiais problemas de integración laboral.

i) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polos servizos sociais no contexto persoal, familiar e social da persoa, se considere que condiciona gravemente a súa empregabilidade.

3. Ademais poderán ser beneficiarios da inserción laboral a través de empresas de inserción:

a) As persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia ou prestación de natureza equivalente e outros usuarios e usuarias do Plan Galego de Inclusión Social, así como as persoas perceptoras das axudas a vítimas de violencia de xénero xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia.

b) As persoas que non accedan a esta prestación por falta do período de residencia ou empadramento, características das unidades de convivencia, obriga de alimentos, idade ou tempo máximo de percepción.

c) As persoas que na data da súa alta no correspondente réxime da Seguridade Social estivesen sen traballo e teñan acreditado un período de inscrición ininterrompido como desempregados/as na oficina de emprego de 180 días se fosen menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, e de 360 días se fose maiores de 25 anos e menores de 45 anos.

d) As persoas admitidas no programa que recolle a axuda específica denominada renda activa de inserción que o soliciten e que por criterio do Servizo Público de Emprego de Galicia ou entidades asociadas requira a súa inclusión nun proceso de inserción a través dunha empresa de inserción laboral e que, en todo caso, se encontren en situación ou risco de exclusión social.

Artigo 5º.-Contratos de traballo subvencionables.

1. Os contratos de traballo celebrados entre as persoas traballadoras en risco ou en situación de exclusión social, cualificadas de acordo co procedemento establecido no Decreto 156/2007, do 19 de xullo, e as empresas de inserción laboral deberán reunir as

seguintes características para poderen ser subvencionables:

a) Deberán formalizarse por escrito, aceptándose calquera das modalidades de contratación existentes na normativa laboral vixente.

b) A súa duración non poderá ser inferior a 6 meses nin superior a 24 meses.

c) A xornada de traballo non poderá ser inferior ao 50% da establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legalmente establecida.

d) Con carácter previo ao contrato, deberán subscribir a persoa seleccionada, a empresa de inserción e os servizos sociais o convenio de inserción, nos termos sinalados no artigo 13 do Decreto 156/2007, do 19 de xullo.

2. Non poderán ser contratadas as persoas traballadoras que nos dous anos inmediatamente anteriores prestasen servizos mediante un contrato de traballo, na mesma ou en distinta empresa de inserción, salvo que, no suposto de fracaso nun proceso previo de inserción ou no de recaída en situacións de exclusión, o servizo social público competente considere o contrario á vista das circunstancias persoais da persoa traballadora.

Artigo 6º.-Actuacións subvencionables.

Poderán ser obxecto das axudas destinadas ao fomento e sostemento das empresas de inserción laboral as seguintes actuacións:

1) A contratación de persoas en situación ou en risco de exclusión social.

2) A contratación de xerentes ou técnicos necesarios para garantir a viabilidade técnica, económica ou financeira da empresa de inserción.

3) A contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción.

4) A realización de labores de mediación laboral para a contratación de persoas en inserción no mercado laboral ordinario.

5) A formalización de préstamos con entidades financeiras.

6) A creación e ampliación do cadro de persoal das empresas de inserción laboral.

Artigo 7º.-Subvención pola contratación de persoas en situación ou en risco de exclusión social.

1. Subvencionaranse parcialmente os custos dos contratos de traballo celebrados con persoas en situación ou en risco de exclusión social, de acordo co artigo 4º desta orde, e cubertos segundo a tramitación establecida no Decreto 156/2007, do 19 de xullo, e no marco dos convenios individuais de inserción, co fin de facilitar a adquisición de habili-

dades sociolaborais e o tránsito cara a un medio laboral totalmente normalizado.

2. A contía da subvención será equivalente ao 50% do salario mínimo interprofesional mensual por cada persoa traballadora subvencionable. Esta subvención reducirase proporcionalmente á duración da xornada de traballo.

3. Ao abeiro desta axuda subvencionaranse as mensualidades desde outubro de 2009 ata setembro de 2010 correspondentes aos contratos de traballo formalizados con persoas traballadoras en proceso de inserción, sen que, en ningún caso, poidan subvencionarse máis de 24 mensualidades.

4. Para a subvención pola contratación de persoas en situación ou en risco de exclusión social deberá presentarse unha única solicitude que comprenderá as mensualidades de outubro, novembro e decembro do ano 2009 e a previsión das mensualidades ata setembro de 2010.

Artigo 8º.-Subvención pola contratación de xerentes ou persoas técnicas.

1. Para facilitar a contratación de xerentes ou persoas técnicas que sexan necesarias para garantir a viabilidade técnica, económica ou financeira da empresa de inserción, poderá concederse unha subvención equivalente ao 50% dos custos laborais totais, incluídas as cotizacións á Seguridade Social por todos os conceptos, calculada sobre 36 mensualidades cun límite máximo de 24.000 euros.

2. Esta subvención estará condicionada á xustificación pola empresa de que coas contratacións obxecto de subvención se suplan carencias para o desenvolvemento da actividade empresarial e o seu bo fin.

3. Esta subvención poderaa percibir unha soa vez cada empresa de inserción laboral. Para aquelas empresas de inserción laboral que percibiron nas convocatorias dos anos 2008 e 2009 esta modalidade de subvención, o importe da axuda minorarase na contía xa percibida.

4. Cando se trate de contratacións a tempo parcial, a contía do incentivo será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

Artigo 9º.-Subvención pola contratación de técnicos en orientación e acompañamento á inserción.

1. As empresas de inserción laboral poderán acceder a unha subvención para a contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción.

2. Esta subvención será equivalente ao 50% dos custos laborais totais, incluídas as cotizacións á Seguridade Social, calculada sobre 24 mensualidades e terá como límite máximo, por todas as contratacións, a contía de 6.000 euros por traballador en

proceso de inserción orientado e acompañado sen que, en ningún caso o importe da subvención poida superar os 24.000 euros. Cando a dedicación sexa a tempo parcial as contías dos incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

3. Non poderán solicitar esta subvención aquelas empresas de inserción laboral que a recibisen e non esgotasen o período máximo da subvención.

4. O persoal técnico en accións de orientación deberá posuír unha titulación universitaria axeitada aos labores que se van realizar ou unha experiencia acreditada de dous anos en programas de orientación e acompañamento de persoas desfavorecidas desde a perspectiva laboral e social.

Artigo 10º.-Subvención pola realización de labores de mediación laboral.

1. Coa finalidade de fomentar os labores de mediación laboral das empresas de inserción laboral, subvencionarase esta cunha axuda de 6.000 euros pola incorporación indefinida e a xornada completa á empresa ordinaria dunha persoa traballadora en proceso de inserción xestionada pola empresa de inserción laboral. Se o contrato suscrito é de carácter temporal e ten unha duración inferior a dous anos e superior a 6 meses a subvención reducirase proporcionalmente. No suposto de contratos de traballo a tempo parcial, a subvención experimentará unha redución proporcional á xornada laboral realizada.

O prazo entre a baixa na empresa de inserción laboral e a data de alta na empresa ordinaria non poderá ser superior a un mes.

2. Subvencionarase cunha axuda de 6.000 euros a empresa de inserción laboral que asesore, apoie e acompañe unha persoa traballadora en proceso de inserción na súa iniciativa de autoemprego individual.

3. Estas actuacións de mediación laboral serán subvencionables unha vez transcorridos 6 meses desde a formalización do contrato coa empresa ordinaria ou desde a alta no réxime especial de traballadores autónomos, e sempre que o remate deste prazo se producise entre o 1 de outubro de 2009 e ata o 30 de xuño de 2010.

4. As empresas de inserción laboral beneficiarias desta subvención asumen a obriga de realizar o seguimento laboral das persoas inseridas no mercado ordinario.

Artigo 11º.-Subvención financeira.

1. A subvención financeira ten por finalidade favorecer a creación de postos de traballo, mediante a redución dos xuros dos préstamos para financiar os investimentos que sexan necesarios para a creación e posta en marcha das empresas de inserción labo-

ral. Como mínimo, o 75% do importe do préstamo deberá destinarse a financiar investimentos en inmovilizado material ou intanxible.

2. Os préstamos, para seren subvencionables, deberán ser concedidos polas entidades financeiras que teñan subscrito un convenio coa Consellería de Traballo e Benestar e deberán formalizarse no período comprendido entre o 1 de outubro de 2009 e o 30 de setembro de 2010 ou, de ser o caso, no prazo específico establecido na resolución de concesión.

Para os efectos da xustificación desta axuda teranse en conta os investimentos en inmovilizado material ou intanxible, sen incluír o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, realizados desde o 1 de outubro de 2009, e xustificadas mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 31 de outubro de 2010.

Non se admitirá, para os efectos da súa xustificación, a adquisición de bens usados con cargo aos préstamos obxecto da axuda agás no suposto de traspaso de negocios.

3. Esta axuda, pagadoira dunha soa vez, será equivalente á redución de ata catro puntos do tipo de xuro fixado pola entidade de crédito que conceda o préstamo, calculada sobre os oito primeiros anos de vixencia destes. A contía calcularase como se a subvención se devengase cada ano de duración do préstamo, incluído o posible período de carencia. O tipo de xuro poderá ser fixo ou variable, tomándose como referencia para o cálculo da subvención o tipo de xuro vixente na data da resolución da subvención, ou o vixente na data da sinatura do contrato de préstamo se esta é anterior.

A entidade beneficiaria, no prazo de 30 días desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira, acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

4. Esta subvención ten como límite a contía máxima de 3.000 euros por emprego creado durante o primeiro ano de actividade para os colectivos definidos no artigo 4º desta orde.

Artigo 12º.-Subvención pola creación ou ampliación do cadro de persoal das empresas de inserción laboral.

1. As empresas de inserción laboral de nova creación ou as que amplíen o seu cadro de persoal creando novos empregos para persoas en proceso de inserción poderán beneficiarse dunha axuda cuxo importe se calculará en función do investimento en inmovilizado material ou intanxible.

2. A contía desta subvención será equivalente ao 60% do custo total do investimento en inmovilizado material ou intanxible, excluídos os impostos que gravan a adquisición, que se realice e xustifique ata o 31 de outubro de 2010. O importe máximo desta axuda determinarase en atención ao número de postos de traballo creados e ocupados por persoas en procesos de inserción ata un máximo de 12.000 euros por posto de traballo ocupado por persoas en proceso de inserción.

3. Para os efectos desta axuda unicamente serán subvencionables aqueles novos postos de traballo que sendo cubertos por persoas en proceso de inserción supoñan incremento de persoal respecto das persoas en situación ou risco de exclusión social que tiver a empresa de inserción laboral no derradeiro expediente de axudas á creación ou ampliación do cadro de persoal das empresas de inserción laboral.

4. O inmovilizado material ou intanxible que se impute para o cálculo da subvención debe estar directamente relacionado coa actividade principal desenvolvida pola empresa de inserción.

CAPÍTULO II

COMPETENCIA E PROCEDIMENTO

Artigo 13º.-Competencia.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes das subvencións presentadas ao abeiro desta orde correspóndelle, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, á persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

Artigo 14º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas presentaranse nos rexistros da Xunta de Galicia, ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e dirixiranse á persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

2. O prazo de presentación das solicitudes de axudas será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://traballo.xunta.es>

Artigo 15º.-Autorizacións.

1. A presentación da solicitude pola entidade beneficiaria comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento. Daquela deberá achegar coa solicitude a certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención o interesado presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros con domicilio na rúa Domingo Fontán 9, 15702, Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro).

3. Coa presentación da solicitude de subvención, mediante o anexo VII desta orde, a persoa interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido no artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e na orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia. En caso de non prestar a autorización deberá presentar a fotocopia do documento acreditativo da identidade da persoa solicitante.

4. Coa presentación da solicitude de subvención a persoa interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (DOG nº 136, do 14 de xuño), publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, e na páxina web oficial da Consellería de Traballo e Benestar, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención.

5. A presentación de solicitudes ao abeiro desta orde supón a existencia de autorización expresa de todas as persoas traballadoras en situación ou en risco de exclusión social das empresas de inserción laboral, para a cesión de datos á Consellería de Traballo e Benestar, relativos á causa de exclusión social.

6. En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán ao ficheiro Axudas de Promoción do Emprego para o seu tratamento coa finalidade da xestión, avaliación, seguimento e estatística deste procedemento. A presentación da solicitude supón a cesión de datos persoais á Consellería de Traballo e Benestar por parte da empresa/entidade solicitante, polo que esta é responsable de informar o traballador sobre a existencia e finalidade da cesión así como da obtención do seu consentimento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do ficheiro, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.traballo@xunta.e.

Artigo 16º.-*Documentación.*

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Documentación común para todas as modalidades de axuda:

a) Se o solicitante é persoa xurídica, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

b) Relación nominal das persoas traballadoras polas cales se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita (anexo III)

c) Alta no imposto de actividades económicas ou, se for o caso, no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda.

d) Memoria descritiva da empresa de inserción laboral en que se recollan as actividades de inserción realizadas durante o último ano e o cumprimento ou non dos seus obxectivos económicos e de inserción. A memoria conterá a tipoloxía das accións realizadas, os recursos aplicados e as súas fontes.

e) Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade polas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo V).

f) Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación da entidade financeira acreditativa de que a entidade solicitante é titular da conta (anexo VI).

g) Se a entidade solicitante denegase expresamente a autorización para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, deberá presentar a documentación acreditativa de se

encontrar ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma.

h) Declaración responsable, entre outros extremos, de non estaren incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiarias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e autorizacións (anexo VII).

2. Documentación específica:

a) Contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social:

-Relación nominal do mes de outubro de 2009 das persoas traballadoras polas que se solicita subvención (anexo III).

-Copias dos contratos de traballo cos convenios de inserción das persoas traballadoras polas cales se solicita subvención.

-Boletíns oficiais de cotización á Seguridade Social (TC2), recibos de salarios e documento bancario de transferencia acreditativo do pagamento das mensualidades xa aboadas na data da solicitude.

-Descrición detallada do posto de traballo que se vai cubrir e a súas características técnicas.

b) Subvención á contratación de xerentes ou persoas técnicas:

-Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención, incluída a declaración dos custos laborais totais a cargo da empresa referidos ao primeiro ano (anexo III).

-Memoria explicativa da necesidade da contratación de xerentes ou persoas técnicas para o desenvolvemento da actividade, na cal conste o número e perfís profesionais destas e a proposta de servizos que van desenvolver.

-Copia do contrato de traballo das persoas xerentes ou técnicas.

c) Subvención á contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción:

-Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención, incluída a declaración dos custos laborais totais a cargo da empresa referidos ao primeiro ano (anexo III).

-Memoria descritiva da necesidade da contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción, na cal conste o número e perfís profesionais destes, as funcións que van realizar en relación coas categorías profesionais e os custos laborais totais, así como o número de persoas traballadoras en proceso de inserción que van orientar, tempo de dedicación e tarefas que van desenvolver.

-Copia do contrato de traballo da persoa técnica.

-E, se é o caso, certificación académica de terminación dos estudos ou copia compulsada do título universitario, ou documentación acreditativa da súa experiencia laboral.

d) Subvención pola realización de labores de mediación laboral:

-Copia simple do DNI da persoa traballadora inserida.

-Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social da dita persoa traballadora.

-Declaración da empresa contratante de que o contrato se realiza por medio da empresa de inserción laboral.

e) Subvención financeira:

-Memoria económica do proxecto que inclúa o orzamento de investimentos e o plan de financiamento en relación coa finalidade ou obxecto da subvención e xustificante da súa necesidade.

-Contrato de préstamo xa formalizado ou, na súa falta, compromiso da entidade financeira sobre a súa concesión, no que figuren as características e se faga constar que a operación se acolle ao convenio suscrito para tal fin (anexo IV).

-Facturas e, no caso de estaren efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, no seu defecto, facturas pro forma ou orzamentos expedidos polas persoas provedoras ou acreedoras dos investimentos en inmovilizado material ou intanxible que se financiarán co préstamo.

-Relación nominal das persoas traballadoras con indicación daquelas que hai que ter en conta para o cálculo da subvención (anexo III).

f) Subvención á creación ou ampliación do cadro de persoal das empresas de inserción laboral:

-Memoria ampliada do proxecto.

-Detalle do plan de investimentos en inmovilizado material ou intanxible e calendario para a súa execución, xunto coas facturas e, no caso de estaren efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, no seu defecto, facturas pro forma ou orzamentos expedidos polos provedores ou acredores.

-Estudo económico-financieiro da viabilidade do proxecto.

-Relación nominal das persoas traballadoras con indicación daquelas que hai que ter en conta para o cálculo da subvención (anexo III).

Artigo 17º.-Procedemento de concesión, instrución e tramitación.

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño,

de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor dos expedientes será o Servizo dos Autónomos e Inserción Laboral da Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

3. Se a solicitude non estiver debidamente cuberta ou non se achegar a documentación exixida, o Servizo dos Autónomos e Inserción Laboral encargado da tramitación do expediente, requirirá o interesado, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará desistido da súa petición, logo da resolución, que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da devandita lei.

Artigo 18º.-*Resolución e recursos.*

1. Logo da fiscalización pola intervención das propostas emitidas polo Servizo dos Autónomos e Inserción Laboral, as resolucións serán ditadas polo órgano competente por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar e deberán serlles notificadas aos interesados. As resolucións de concesión ou denegación deberán ser sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar será de seis meses que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico

co das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Dado que as axudas do programa regulado nesta orde están cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase a entidade beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes dos beneficiarios, das operacións e da cantidade de fondos públicos asignada a cada operación e que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (DOUE L/45, do 15-2-2007).

Artigo 19º.-*Xustificación e pagamento.*

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable responden á natureza da actividade subvencionada. En todo caso respectaranse as condicións da Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE, modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo.

3. Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Só se admitirá como documentación xustificativa do pagamento a transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados a persoa receptora e a persoa emisora do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria.

4. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das axudas ou subvencións quedará condicionado á presentación, no prazo, nos termos e na forma que se establezan na resolución de concesión, da documentación que se exixa de forma expresa nela, entre a cal deberá figurar a seguinte:

A. Documentación común para todo tipo de axudas:

-Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da actividade para a cal se concedeu a subvención segundo o tipo de axuda.

-Declaración complementaria da establecida no artigo 16º.1 letra e) desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións (anexo V), así como unha declaración das axu-

das *de mnimis* obtidas no exercicio corrente e nos dous anteriores.

-Cumprimento por parte da empresa da obriga de informar as persoas traballadoras acerca do financiamento comunitario da subvención dos seus contratos (anexo VIII).

B. Documentación específica para cada tipo de axuda:

a) Subvención pola contratación de persoas en situación ou en risco de exclusión social:

-Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita o pagamento.

-Recibos de salarios e documento bancario de transferencia que acredite o seu pagamento, correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión.

-Documentos TC2 correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión.

-De ser o caso, copias dos contratos de traballo e os convenios de inserción correspondentes ao novo persoal traballador.

b) Subvención á contratación de xerentes ou persoas técnicas:

-Informe da actuación desenvolvida.

-Nóminas, transferencias bancarias do seu pagamento e boletíns de cotización á Seguridade Social (TC2) do persoal subvencionado, correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión.

c) Subvención á contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción:

-Informe da actuación de apoio desenvolvida.

-Nóminas, transferencias bancarias do seu pagamento e boletíns de cotización á Seguridade Social (TC2) do persoal subvencionado, correspondentes ás mensualidades que se indiquen na resolución de concesión.

d) Subvención financeira:

-Copia do contrato de préstamo, no caso de non o xuntar á solicitude.

-Documentación xustificativa da realización dos investimentos imputados á subvención, mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento.

e) Subvención á creación ou ampliación do cadro de persoal das empresas de inserción laboral:

-Documentación xustificativa da realización dos investimentos tidos en conta para o cálculo da subvención, mediante as facturas e os documentos bancarios acreditativos do seu pagamento.

5. As empresas beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa para o pagamento no prazo sinalado na resolución de concesión ou, de ser o caso, ata o 31 de outubro do 2010. Excepcionalmente este prazo poderá ser prorrogado en 15 días de forma extraordinaria e debidamente xustificada.

6. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres a entidade beneficiaria non se encontre ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

7. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8. Se da documentación presentada pola entidade beneficiaria para o pagamento quedase xustificada outra contía de subvención distintas da inicialmente concedida, emitirase a correspondente resolución revocatoria ou complementaria da concesión.

CAPÍTULO III

INCOMPATIBILIDADES E OBRIGAS

Artigo 20º.-*Incompatibilidades e concorrencia.*

1. As axudas previstas nesta orde para as contratacións por conta allea serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. As ditas axudas son compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

2. Os beneficios establecidos á contratación nesta orde non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60% do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato que se subvenciona.

3. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21º.-*Obrigas das entidades beneficiarias.*

Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas e subvencións:

1. Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a

realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

3. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

4. Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse logo de que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

5. Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, así como, se é o caso, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1828 da Comisión, do 8 de decembro de 2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15-2-2007).

De acordo con esta obriga, a empresa de inserción laboral deberá anunciar que está sendo subvencionada pola Consellería de Traballo e Benestar no seu domicilio social, nos seus centros de traballo e nos seus vehículos. Para isto, incorporarán un rótulo visible ao público que inclúa o nome da empresa, a expresión empresa de inserción laboral, o logo da Consellería de Traballo e Benestar e o logo do Fondo Social Europeo. Os formatos que hai que utilizar serán proporcionados pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego.

6. Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar; ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas, ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea e presentar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

No suposto de que as subvencións concedidas estean cofinanciadas polo FSE, as persoas ou entidades beneficiarias garantirán a dispoñibilidade dos documentos xustificativos das contratacións subvencionadas, durante un período de tres anos a partir do peche do Programa operativo, ou ben durante un período de tres anos a partir do ano en que tivese lugar o peche parcial deste, de acordo co disposto no artigo 90 do Regulamento (CE) 1083/2006. Os gastos subvencionados deberán poder identificarse na súa documentación contable de forma separada.

No suposto de extinción da relación laboral do traballador ou da traballadora polo que se concedese a subvención, ao abeiro dos artigos 8º e 9º desta orde, procederá a cobertura do posto por un novo traballador ou unha nova traballadora, que deberá reunir os mesmos requisitos que o traballador do contrato inicial, e terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que deberá ser comunicado pola entidade beneficiaria ao órgano competente que concedeu a axuda, dentro dos 20 días seguintes á substitución. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

8. No caso de concesión da subvención financeira, a entidade beneficiaria, no prazo de 30 días, desde a data en que teña coñecemento do pagamento efectivo da subvención, ten que presentar certificación expedida pola entidade financeira acreditativa da amortización do principal do préstamo na contía subvencionada.

9. Cumprir aquelas outras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 22º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras Administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación.

Artigo 23º.-Revogación e reintegro.

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior, enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social (BOE nº 189, do 8 de agosto).

2. No caso de incumprimentos parciais o órgano competente determinará a cantidade que reintegrará o beneficiario respondendo ao principio de proporcionalidade en función dos custos xustificadas e das actuacións acreditadas.

3. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requerimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta de *Caixa Galicia* 2091 0300 47 3110063172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe e o número de expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 24º.-*Seguimento e control.*

A Dirección Xeral de Promoción do Emprego poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

Artigo 25º.-*Réxime de axudas.*

1. Estas axudas quedan sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas *de minimis*. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Por tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte por estrada.

2. Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

a) Pesca e acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) 104/2000 do Consello.

b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.

c) Actividades relacionadas coa exportación a terceiros países ou estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.

d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) 1407/2002.

Disposicións adicionais

Primeira.-Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo e Benestar para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Segunda.-A Consellería de Traballo e Benestar poderá requirir en todo momento a documentación orixinal que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas nesta orde, agás aqueles documentos que, de acordo co artigo 35 f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, xa se atopen en poder da administración actuante.

Terceira.-Apróbese a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

Cuarta.

1. Para os efectos do sinalado no artigo 4º, letra d), terán a consideración de retornados/as aqueles emigrantes que cumpran coa condición de que non transcorresen máis de dous anos entre a data do retorno e a data da alta no correspondente réxime da Seguridade Social.

2. Para os efectos do sinalado no artigo 4º, letra a), terán a condición de persoas con discapacidade as que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.

De acordo co disposto no artigo 1.2º da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, en todo caso consideraranse afectados por unha discapacidade igual ou superior ao 33% as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión por xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade. Nestes supostos a acreditación do grao de dis-

capacidade realizarase conforme o previsto no Real decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (BOE nº 300, do 16 de decembro).

A comprobación da condición de persoas con discapacidade realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que fose recoñecida por outra Administración distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Para os efectos da subvención financeira e para acreditar o requisito do destino do préstamo, entenderase por inmovilizado material ou intanxible, aquel definido como tal no Real decreto 1514/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade, e no Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para microempresas, e incluídos nos subgrupos 20, 21 e 23 do cadro de contas dos citados plans, excluídos os anticipos.

Os investimentos poderán ser computados sempre que as facturas estean expedidas a nome da entidade solicitante, e non sexan emitidas por algún dos promotores da empresa. Exclúense, así mesmo, os impostos e os investimentos referidos aos domicilios particulares dalgún dos promotores.

No suposto de elementos de transporte soamente se computarán os vehículos comerciais ou industriais que se empreguen no desenvolvemento da actividade empresarial ou profesional, así como os vehículos automóbiles de turismo que sexan empregados nos desprazamentos profesionais polos representantes ou axentes comerciais, os empregados na venda a domicilio, no transporte de mercadorías, na prestación de servizos de transporte de viaxeiros, de persoas enfermas ou accidentadas ou de ensinanza de conductores, e os empregados en servizos de vixilancia, ao 100% do seu prezo de adquisición, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Non obstante, para as empresas que realicen por conta allea operacións de transporte por estrada, non poderá concederse a subvención financeira para a adquisición de vehículos de transporte de mercadorías por estrada.

En ningún caso para a acreditación do inmovilizado material ou intanxible se terán en conta os contratos de arrendamento financeiro nin outras figuras xurídicas afíns que non concedan á persoa solicitante o pleno dominio ou titularidade inicial do investimento.

Quinta.-A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de sub-

vencións de Galicia, publicarase mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Sexta.-No exercicio económico 2010, as axudas recollidas nesta orde financiaranse con cargo ás aplicacións 12.04.322C.472.6, código de proxecto 2010 00 796, cun crédito de 200.000 euros, 12.04.322C.481.1, código de proxecto 2010 00 792, cun crédito de 150.000 euros e 12.04.322C.481.3, código de proxecto 2010 00 796, cun crédito de 25.000 euros.

Estas axudas son cofinanciadas polo FSE, nunha porcentaxe do 80%, no tema prioritario 71 do eixo 2 do Programa operativo FSE Galicia 2007-2013.

Estas contías están recollidas na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Estes créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais ou as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Disposición transitoria

As empresas de inserción laboral deberán adoptar antes do 31 de decembro de 2010 as medidas axeitadas de difusión para darlle publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, conforme o establecido no artigo 21º.5 desta orde.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Promoción do Emprego para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
«O FSE inviste no teu futuro»

EXPEDIENTE

PROCEDIMENTO INCENTIVOS ÁS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL (EIL) <i>Indicar cun X as axudas solicitadas.</i> <input type="checkbox"/> SUBVENCIÓN Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL <input type="checkbox"/> SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE XERENTES OU TÉCNICOS <input type="checkbox"/> SUBVENCIÓN Á CONTRATACIÓN DE TÉCNICOS EXPERTOS <input type="checkbox"/> SUBVENCIÓN POLOS LABORES DE MEDIACIÓN LABORAL <input type="checkbox"/> SUBVENCIÓN FINANCEIRA <input type="checkbox"/> SUBVENCIÓN POLA CREACIÓN OU AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DAS EIL	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO TR356A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	------------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA

NOME OU RAZÓN SOCIAL		CIF/NIF	Nº DE REXISTRO EIL	
FORMA XURÍDICA		DATA DE CONSTITUCIÓN	DATA DE INICIO DE ACTIVIDADE	
ENTIDADE PROMOTORA			% PORCENTAXE CAPITAL SOCIAL	
DOMICILIO SOCIAL			Nº DE INSCRIPCIÓN SS	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO/FAX	
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRIPCIÓN)	CNAE	Nº CENTROS DE TRABALLO	Nº DE EMPREGOS INICIAIS	
		A TEMPO COMPLETO	A TEMPO PARCIAL	

E na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
EN CALIDADE DE			

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO	PROVINCIA
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO	FAX

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán ao ficheiro Axudas de Promoción do Emprego para o seu tratamento, coa finalidade da xestión, avaliación, seguimento e estatística deste programa. A presentación da solicitude supón a cesión de datos persoais á Consellería de Traballo e Benestar por parte da entidade solicitante, polo que esta é responsable de informar o traballador sobre a existencia e finalidade da cesión, así como da obtención do seu consentimento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, pódense exercer dirixindo un escrito á Dirección Xeral de Promoción do Emprego, como responsable do ficheiro, no enderezo: edificio administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lop.d.traballo@xunta.es

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 26 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas de inserción laboral (EIL), cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA <i>Lugar e data</i>		

Director xeral de Promoción do Emprego

ANEXO II
AXUDAS ÁS EIL

EXPEDIENTE

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (INDÍQUESE CUN X A DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA)

I.-DOCUMENTACIÓN QUE TEN QUE XUNTAR Á SOLICITUDE DE AXUDAS (ART. 16):**1. Documentación xeral (art. 16):**

- DNI e poder suficiente do representante que subscribe a solicitude e NIF da empresa, se o solicitante é persoa xurídica (art. 16).
- Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Economía e Facenda (art. 16).
- Se é o caso, declaración comprensiva do conxunto de axudas ou subvencións para o mesmo proxecto ou actividade solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entidades públicas (modelo anexo V). Ou, noutro caso, declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas (art. 16).
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria e certificación de existencia da conta (modelo anexo VI) (art. 16).
- Se é o caso, documentación acreditativa de que se encontran ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social (art. 16).
- Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención (art. 16).
- Declaración responsable segundo modelo anexo VII (art. 16).
- Memoria descritiva da EIL (art. 16).

2. Documentación específica (art. 16):**a) Subvención para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social:**

- Relación nominal de traballadores (modelo anexo III) (art. 16).
- Documentación dos traballadores polos cales se solicita subvención (art. 16).
 - Boletíns oficiais de cotización á Seguridade Social (TC2) e transferencia bancaria acreditativa do seu pagamento.
 - Contrato de traballo, convenio de inserción.
 - Descrición detallada do posto de traballo que se vai cubrir.

b) Subvención á contratación de xerentes ou técnicos

- Memoria explicativa da necesidade da contratación de xerentes ou técnicos, número e perfís profesionais, funcións que se van realizar e custos laborais totais (art. 16).
- Contrato de traballo e alta na Seguridade Social (art. 16).
- Relación nominal dos traballadores polos que se solicita subvención (modelo anexo III) (art. 16).

c) Subvención á contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción

- Memoria descritiva da necesidade de contratación de técnicos, expertos, número e perfís profesionais, funcións e custos laborais totais (art. 16).
- Contrato de traballo (art. 16).
- Se é o caso, certificación académica de terminación de estudos ou copia compulsada do título universitario (art. 16).
- Relación nominal dos traballadores polos que se solicita subvención (modelo anexo III) (art. 16).

d) Subvención pola realización de labores de mediación laboral.

- Copia simple do DNI do traballador/a (art. 16).
- Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social (art. 16).
- Declaración da empresa contratante de que o contrato se realiza por medio da empresa de inserción laboral (art. 16).

e) Subvención financeira:

- Memoria económica do proxecto, cos orzamentos de investimento e plan de financiamento (art. 16).
- Contrato de préstamo ou, na súa falta, compromiso da entidade financeira sobre a concesión do préstamo (modelo anexo IV) (art. 16).
- Facturas, facturas pro forma e orzamentos do inmobiliario material ou intanxible (art. 16).
- Relación nominal de traballadores (modelo anexo III) (art. 16).

f) Subvención pola creación ou ampliación do cadro de persoal das EIL:

- Memoria descritiva e orzamento de gastos, plan de investimentos, calendario, facturas pro forma (art. 16).
- Relación nominal de traballadores (modelo anexo III) (art. 16).
- Estudo económico financeiro (art. 16).

II.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR CON ANTERIORIDADE AO PAGAMENTO (ART. 19):**1. Documentación xeral (art. 19):**

- Declaración complementaria da establecida no art. 16 do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou entes públicos (modelo anexo V) ou, noutro caso, declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas (art. 19).
- Documentación xustificativa para acreditar o cumprimento da actividade para a cal se concedeu a subvención, segundo o tipo de axuda.
- Cumprimento por parte da empresa da obriga de informar aos traballadores do financiamento comunitario da subvención dos seus contratos (art. 19)

2. Documentación específica (art. 19):**a) Subvención á contratación de persoas en risco de exclusión social:**

- Relación nominal de traballadores polos que se solicita o pagamento parcial (art. 19).
- Recibos de salarios e documento de transferencia que acredite o seu pagamento (art. 19).
- Documentos TC2 do último mes ingresado (art. 19).
- Copias dos contratos de traballo e convenios de inserción dos novos traballadores.

b) Subvencións á contratación de xerentes ou técnicos:

- Informe da actuación desenvolvida (art. 19).
- Nóminas, TC2 e transferencias bancarias acreditativas do seu pagamento (art. 19).

c) Subvención á contratación de técnicos en accións de orientación e acompañamento á inserción:

- Informe da actuación de apoio desenvolvida (art. 19).
- Nóminas, TC2 e transferencias bancarias acreditativas do seu pagamento (art. 19).

d) Subvención financeira:

- Copia do contrato do préstamo, de non xuntarse coa solicitude (art. 19).
- Documentación xustificativa da realización dos investimentos imputados á subvención (art. 19).

e) Subvención pola creación ou ampliación do cadro de persoal:

- Documentación xustificativa da realización dos investimentos imputados á subvención (art. 19).

* A documentación exixida no artigo 16 ten que presentarse xunto coa solicitude.

* A documentación exixida no artigo 19 é necesaria para proceder ao pagamento da subvención; non obstante, e para axilizar a tramitación do expediente, poderá ser presentada xunto coa solicitude á opción do interesado.

* Cando se soliciten dous ou máis tipos de axuda, só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente, indicándoo na solicitude. Deben identificarse con claridade os tipos de axuda que se solicitan, marcándoos cun X na primeira casa do modelo da solicitude.

ANEXO IV

**COMPROMISO DA ENTIDADE FINANCEIRA DE CONCESIÓN DO PRÉSTAMO
(DOCUMENTO QUE DEBE PRESENTAR O SOLICITANTE XUNTO COA SOLICITUDE, DE NON ACHEGAR O
CONTRATO DE PRÉSTAMO)**

EXPEDIENTE
CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

DATOS DA ENTIDADE FINANCEIRA

ENTIDADE FINANCEIRA			
<input type="text"/>			
SUCURSAL, RÚA			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA TITULAR DO PRÉSTAMO

APELIDOS E NOME OU DENOMINACIÓN SOCIAL		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CARACTERÍSTICAS DO PRÉSTAMO

IMPORTE DO PRÉSTAMO	PRAZO DE AMORTIZACIÓN	CARENCIA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TIPO DE XURO		
<input type="text"/>		

DESTINO DO PRÉSTAMO (EN EUROS)

INMOBILIZADO MATERIAL E INTANXIBLE	RESTO INVESTIMENTO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

CONDICIÓNS DOS PRÉSTAMOS ACOLLIDOS AO CONVENIO DA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR FORMALIZADOS NO ANO 2010:

a) O prazo de amortización será de, polo menos, tres anos, podendo incluír períodos de carencia de amortización do principal.

b) O tipo de xuro máximo con que se formalizarán os préstamos será o elixido polo solicitante entre as seguintes opcións:

- Xuro fixo: o 3,23% cando o prazo de amortización sexa de ata cinco anos, ou o 3,63% cando dito prazo sexa superior.
- Xuro variable: o 3%, independentemente do prazo de amortización.

Nesta elección o tipo xuro revisarase cada ano desde a formalización de cada préstamo, resultando o novo tipo de engadir 1,75 puntos ao que se publica no *Boletín Oficial del Estado* como Euríbor a un ano, do segundo mes anterior ao inicio da nova anualidade do préstamo revisado.

c) Poderase establecer unha comisión de apertura de ata un 1%.

Comprométese á concesión do préstamo detallado neste escrito, conforme o convenio subscrito coa Consellería de Traballo e Benestar, polo que solicita que a citada operación sexa cualificada como subvencionable.

Lugar e data

, de de 20

(Sinatura do representante e selo da entidade financeira)

Asdo.:

ANEXO V

DECLARACION EXPRESA DOUTRAS AXUDAS E DE AXUDAS EN RÉXIME *DE MINIMIS*

EXP. Nº

PROCEDEMENTO

CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

Don/Dona _____, con DNI nº _____

en nome e representación da entidade _____

con NIF/CIF nº _____ en calidade de _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que para a mesma actividade ou proxecto esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
SOLICITADA	CONCEDIDA					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>					

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* (Regulamento (CE) nº 1998/2006), neste ano e nos dous anteriores as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE €	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>				

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO VI

EXPEDIENTE
CÓDIGO DO PROCEDEMENTO

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA		DNI/NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO			
<input type="text"/>			
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATOS BANCARIOS			
CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME	ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

Lugar e data

, de de 20

SINATURA DO/A SOLICITANTE

SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

ANEXO VII

DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓNS

Don/Dona , con DNI/NIF nº
en nome e representación da entidade
con NIF/CIF nº en calidade de

DECLARA QUE:

- a) Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.
- b) Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 20º da orde de convocatoria, non concorre ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e reúnen as condicións para ser beneficiario de acordo co establecido no artigo 3º da orde de convocatoria.
- c) Non foi excluído/a do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2º do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.
- d) Indicar o que corresponde:
- Non ten solicitado nin percibido para este proxecto ningunha outra axuda dunha Administración ou entidade pública.
- Percibiu ou solicitou as axudas indicadas na relación que se xunta (no modelo que figura como anexo V).
- e) Autorizo a consellería de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.
- SI
- NON (neste caso presentar a documentación)
- f) Autoriza a obtención das certificacións establecidas no artigo 15º da orde de convocatoria, que debe emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia. No caso de denegación expresa do consentimento deberá presentar as devanditas certificacións.
- Non autoriza a obtención das certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma.
- g) Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos, no rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás subvencións recibidas, así como as sancións impostas. (Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o CIXTEC como responsable dos ficheiros na rúa Domingo Fontán 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).
- h) Autoriza expresamente á Consellería de Traballo e Benestar para que de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial, con expresión da convocatoria, o programa, o crédito orzamentario a que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

Lugar e data

, de de 20

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE

Asdo.:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO VIII



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
«O FSE inviste no teu futuro»

EXPEDIENTE

PROGRAMA DE INCENTIVOS ÁS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL

INFORMACIÓN AOS TRABALLADORES

Don/Dona [] , con NIF/CIF nº []
en calidade de (1) [] da empresa []
con CIF nº [] mediante este documento.

INFORMA a:

Don/Dona [] , con NIF/CIF nº []

1º Que o seu contrato laboral foi subvencionado a esta empresa cun importe de [] €

2º Que o Fondo Social Europeo participa nun 80% na financiación da dita subvención no marco do Programa operativo da Comunidade Autónoma de Galicia.

[] , de [] de 201

Sinatura do representante da empresa

(1) *Administrador, xerente ...*

DECLARACIÓN DO TRABALLADOR DE TER SIDO INFORMADO POLA EMPRESA DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

Don/Dona [] , con NIF/CIF nº []

Mediante este documento declara e reconece que recibiu información da empresa de que a súa contratación foi obxecto dunha subvención cofinanciada, no marco do Programa operativo, polo Fondo Social Europeo cuxo obxectivo é o reforzo da cohesión económica e social, mellorando o emprego e as oportunidades de traballo, favorecendo un alto nivel de emprego e a creación de máis e mellores postos de traballo

[] , de [] de 201

Sinatura do traballador